

TITIRIBERIA

RIANXO

12 AO 18 DE AGOSTO / 2024



XENTES DE RIANXO E ARREDORES!

Visitantes que aman o revivir das tradicións e das lendas propias dos mundos e dos lugares! Non perdan o acontecemento sen par que terá lugar, un ano máis, na insigne vila de Rianxo. Chega a feira que xuntará baleeiros chegados de trepidantes travesías, cómicas da legua cos seus sacos ao lombo e titiriteiros no senso máis amplo e popular do termo. Durante unha semana, voltarán os postos máis senlleiros á feira vella, a ofrecer os seus bens máis exóticos; os personaxes lendarios de mitos gregos, vascos e galaicos convivirán cos harmoniosos movementos das finas marionetas moldavas e as historias das dúas beiras dos océanos virán buscar quen as oia: nos teatros, nas praias, nas feiras e nos escaparates rianxeiros.

Veñan gozar cos títeres de luva, fío e vara, con cachaporra e sen ela. Coa lingua máis ou menos aguzada ou camuflada na estridente palleta. Compartillen os risos desenfadados e a mofa irreverente do poder que a arte das formas animadas e o seu teatro de varietés nos achegan. Aproxímense ao riso sanador e utópico que alimenta as almas en tempos convulsos. E que a maré titiriteira se converta en imperdible tradición estival.

LUNS 12

Baleazaleak

Ostomila Títeres (Euskadi/Nicaragua)

Coproducción co Festival

A compañía vasco-nicaraguana volta ao evento cunha ambiciosa produción, da que nos achega a estrea en galego, e que conecta co carácter mariñeiro de Rianxo. *Baleazaleak* repasa a epopea dos baleeiros vascos en Terranova e a conexión que realizaron coas comunidades Mikmaq desta zona a través da viaxe de Elaia e do seu cadelo. Unha combinación de títeres e de traballo actoral acompañada de música que celebra un encontro inédito entre culturas para todos os públicos nunha produción única.

🕒 11:30h

📍 Auditorio de Rianxo-Sala Arcos Moldes

👤 Público familiar

ESTREA

5€



LUNS 12

A festa dos títeres. Pasarrúas inaugural
Vai de Roda, Viravolta, Os Quinquilláns (Galiza)
Produción propia do Festival

Para inaugurar o festival, un pasarrúas achegará música e espectáculo á vila coa charanga Vai de Roda, cos peixes xigantes de Os Quinquilláns e con bonecos de Viravolta. Conformarán un desfile do máis animado que representará diferentes escenas no seu percorrido animando as rúas de Rianxo desde o auditorio ata a Martela, praza Castelao e paseo da Ribeira.

ESTREA

🕒 13:00h

📍 Auditorio de Rianxo (itinerante)

👤 Todos os públicos



LUNS 12

MESA REDONDA

Os títeres o maior espectáculo do mundo Conducida por Montse Dopico

Neste Titiriberia dedicamos a mesa redonda ao período de esplendor dos títeres, entre finais do s.XIX e comezos do XX. Espectáculos de gran formato ocupaban trens enteiros para realizar xiras internacionais. O investigador Xesús Torres e o historiador Adolfo Ayuso, falarán das xiras por Galiza do celeberrimo Teatro dei Piccoli e outras compañías da época. A eles sumarase a investigadora Comba Campoi, a explicar o impacto que esas propostas tiveron nos espectáculos de títeres populares como os da familia Silvent co seu Barriga Verde. Modera a mesa Montse Dopico, xornalista cultural e docente.

🕒 17:30h

📍 Auditorio de Rianxo



LUNS 12

Títeres históricos checos da colección de Marie e Pavel Jiráskovi (República Checa)

Acto inaugural con visita guiada á exposición

Participación feita posíbel grazas á implicación do Ministerio de Cultura da República Checa co Plan Nacional de Renovación e os Fondos Next Generation da Unión Europea, da embaixada do devandito país en España, do Centro Checo en Madrid e da Facultade de Teatro da Academia de Artes Escénicas Leoš Janáček (JAMU), de Brno.

🕒 19:30h

📍 Auditorio de Rianxo

👤 Todos os públicos



MARTES 13

Aventuras del Coyote y el Conejo Ostomila Titeres (Euskadi/Nicaragua)

Que aventuras vivirán o tío coiote e o tío coello? Dúas divertidas historias tradicionais do pacífico nicaraguano dramatizadas mediante o teatro tradicional de monicreques.

Zoa Tamara Cuellar e Rubén Mejuto conforman un proxecto de artes escénicas que mestura monicreques, música e narración oral, coa identidade e os nexos de unión entre diferentes culturas como eixe principal.

🕒 11:00h

📍 Campo Maneiro-Taragoña

👤 +3

ENCUENTRO
POSFUNCIÓN
A TRADICIÓN
ORAL NICARA-
GUANA



MARTES 13

Xogos na Feira Vella

Producción Propia do Festival

Titiberberia propón recrear unha feira tradicional en Rianxo, combinando exhibicións, elementos interactivos e propostas escénicas. Viravolta títeres traerá xogos tradicionais de puntaría como a rá ou o *pimpampum*, atraccións de feira e un teatroño con títeres para que os asistentes podan practicar. O espazo contará tamén con obradoiros e cunha exposición de fotografías de títeres de Manuel Silva *Bisgue* e diversas actividades escénicas.

MARTES 13 🕒 12:00 a 14:00h e de 20:00 a 22:00h

MERCORES 14 🕒 20:30 a 22:30h

XOVES 15 🕒 20:30 a 22:30h

VENRES 16 🕒 12:00 a 14:00h e de 20:30 a 22:30h

SÁBADO 17 🕒 12:00 a 14:00h

📍 Campo de Arriba

👤 Todos os públicos



MARTES 13

Os casos da Feira Vella

Teatro Airiños (Galiza)

Coprodución co Festival

O histórico Grupo de Teatro Airiños porá en escena números breves onde representarán debates e sucesidos propios das feiras de antano. Os releos das compradoras, as rexoubase os contos habituais destes espazos tomarán vida nesta montaxe que se distribuirá nos diferentes espazos do Campo de Arriba durante a recreación da feira.

ESTREA

MARTES 13 🕒 12:00 a 14:00h

VENRES 16 🕒 20:30 a 22:30h

📍 Campo de Arriba

👤 Todos os públicos



MARTES 13

Kinetiko

Xirapaus (Galiza)


Esta iniciativa bebe de dúas fontes artesás para crear unha serie de autómatas pensados a recuperar un oficio ben antigo e moi relacionado co mundo das marionetas. O titiriteiro Ero Vázquez de Teatro Marionetas Trécola e mais o xogueteiro Manuel Taboada Fernández, d' A Chintofanería, unen os seus coñecementos e vivencias nunha experiencia que combina a exposición das súas creacións cunha explicación ilustrada e dramatizada destes aparellos, complementada con contos e interaccións co público.

MARTES 13 🕒 12:00 a 14:00h

VENRES 16 🕒 20:30 a 22:30h

📍 Campo de Arriba

👤 Todos os públicos



MARTES 13

Obradoiro de monicreques na Feira Vella Pedras de papel (Galiza)


Bonecos recortables e dragóns de papel tomarán forma nesta actividade da firma de artesanía local Pedras de Papel aberta ao público.

MARTES 13 🕒 12:00 a 14:00h e de 20:00 a 22:00h

XOVES 15 🕒 20:30 a 22:30h

📍 Campo de Arriba

👤 Todos os públicos



MARTES 13

De como chegou a Rianxo unha balea Os Quinquilláns e Vai de Roda (Galiza)


O conto *De como chegou a Rianxo unha balea* de Rafael Dieste é a base deste espectáculo entre a narración oral e a animación, que levará polas rúas da cidade os peixes dos Quinquilláns co acompañamento musical de Vai de Roda.

ESTREA

🕒 20:30h

📍 Campo de Arriba ata Auditorio (itinerante)

👤 Todos os públicos



MARTES 13

Un hilo me liga a vos La Tartana (Madrid)

A recoñecida compañía madrileña presenta unha proposta de teatro de monicreques de gran formato, de poesía e música en vivo, de luces e proxeccións, que tece unha arañeira para mergullar o público máis novo no apaixonante mundo dos mitos gregos. Para aplacar as iras de Zeus, as moiras contarannos as historias de Teseo e o Minotauro, Ícaro e Dédalo e Aracne e Atenea.

🕒 21:30h

📍 Auditorio de Rianxo-Sala Arcos Moldes

👤 Todos os públicos

5€



MÉRCORES 14

As aventuras de Pituquito

Trécola Producións (Galiza)

Coprodución co Festival

A veterana compañía incorpora un novo personaxe ao repertorio galego de títeres de cachaporra. A montaxe adapta esta centenaria tradición escénica a tempos actuais e enfronta o seu protagonista con problemas inéditos. Pituquito loitará «contra a avaricia, contra quen pretende destruír a natureza ou minguar a liberdade das persoas do mundo mundial» nunha serie de encontros nos que non faltan anxos, demos, xabarís ou mesmo a propia morte.

ESTREA

ENCANTRO
POSFUNCIÓN
A CACHAPORRA
HOXE

🕒 13:00h

📍 Praia de Tanxil

👤 Todos os públicos



MÉRCORES 14

**Proxección: Os títeres de tradición
centroeuropa no audiovisual /
Presentación de libros de Marie Jirásková
Marie Jirásková e Pavel Jirásek (República Checa)**

Esta proxección audiovisual amosa filmacións de diferentes títeres históricos checos comentadas por parte da familia Jiráskovi. Neles repásanse a estética e a técnica de manipulación centroeuropa, en versión orixinal con tradución ao castelán. Ao remate da actividade a investigadora Marie Jirásková presentará os catro libros que realizou sobre a colección familiar de títeres históricos, unha auténtica panorámica sobre as formas e contidos desta tradición que permite achegarse de xeito único ao traballo de investigación que desenvolveu arredor deste patrimonio.

🕒 17:30h

📍 Auditorio de Rianxo

👤 Todos os públicos



UMĚNÍ
LOUTKY

MÉRCORES 14

Teatro Dom Roberto

Marionetas Rui Sousa (Portugal)

Unha nova perspectiva do títere popular portugués por excelencia, o teatro dos Robertos, visita o festival. Os familiares máis achegados de Barriga Verde amosan os seus números clásicos O Castelo Assombrado, O Barbeiro e a Tourada. Rui Sousa é un dos máis recoñecidos manipuladores e mantén vivo este patrimonio escénico alén do Miño. Títeres de cachaporra en estado puro, frenéticos como poucos, confirman a atemporalidade desta forma artística.

MÉRCORES 14 🕒 20:00h

📍 Centro Sociocultural A Capela-Araño

XOVES 15 🕒 13:00h

📍 Campo do Souto-Isorna

👤 Todos os públicos

ENCANTO
POSFUNCIÓN
**A TRADICIÓN DOS
ROBERTOS**



MÉRCORES 14

Cantar do ano de Rianxo

Seisdedos (Galiza)

Coprodución co Festival

Un cantar de cego ao xeito antigo narra unha selección de feitos destacados da actualidade rianxeira desde a última edición do festival. A invasión turística de cada verán, a mudanza no goberno municipal, a crise da produción do marisco e a dos pellets atoparanse nesta proposta que quere iniciar unha tradición local que se renovará cada ano.

ESTREA

🕒 20:30h

📍 Praza Castelao- Campo de Arriba (itinerante)

👤 Todos os públicos



MÉRCORES 14

A filla do Cacharulo

Babaluva (Galiza)

Un posto de feira é o escenario desta función na que a manipuladora representa unha artesá a vender as súas figuras de decoración ao xeito dunha peixeira. Historias de temática mariñeira conectadas co carácter da vila de Rianxo compoñen un espectáculo no que se combinan fábulas ou a adaptación do conto *O peixe luminoso*, recollido por Italo Calvino, mediante os títeres. O espectáculo conta ademais cun repertorio de cancións e música ao vivo que queren concienciar sobre a necesidade de coidar o mar.

MÉRCORES 14 🕒 21:30h

📍 Campo de Arriba

SÁBADO 17 🕒 18:30h

📍 Praia de Tanxil

👤 + 3 anos

ENCANTRO
POSFUNCIÓN
ANIMAR A
ARTESANÍA



XOVES 15

De Vilatriste a Vilalegre
Teatro O Cubo/CDG (Galiza)

A mudanza social na Galicia rural, os superpoderes e os 40 anos do Centro Dramático Galego mestúranse na nova proposta de monicreques e traballo actoral da compañía de Sofía Espiñeira e Roberto Casal. A odisea dos novos habitantes de Vilatriste que se confrontan ao malvado alcalde cuns estraños superpoderes é o eixe desta comedia para todas as idades. Unha proposta que a compañía desenvolve sobre dramaturxia de Roi Vidal en coprodución co Centro Dramático Galego e que chega ao festival a bordo do seu propio vehículo.

🕒 12:00h

📍 Praia de Tanxil

👤 Público familiar



XOVES 15

Tutilmundis SOS e Gernika na Feira Vella Os monicreques de Kukas (Galiza)

A veterana compañía compostelá achéganos o teatro máis pequeno do mundo. O Lambe Lambe, que acolle unicamente 1 ou 2 espectadores de cada vez, permite ver ao vivo micro espectáculos de títeres. As montaxes *SOS Emerxencia Ambiental* e *Gernika* combinan a maxia dos títeres con mensaxes a prol da paz e do medio ambiente.

XOVES 15 🕒 20:30h

VENRES 16 🕒 20:30h

📍 Campo de Arriba

👤 Todos os públicos



XOVES 15

Peito de lobo

Seisdedos (Galiza)

Coprodución co Festival

Unha adaptación aos títeres de cachaporra do personaxe que foi inmortalizado por Castelao nunha das súas *Cousas*. A historia do mariñeiro que se viu transformado en cabezudo integra esta forma escénica coa dos títeres a achegar unha obra que, a nos falar do patrimonio rianxeiro, con personaxes como o propio Castelao en escena e outros coñecidos nomes da época, consegue alcance universal a tratar cuestións como a autoimaxe, a imaxe pública e a construción da propia identidade.

ESTREA

ENCANTRO
POSFUNCIÓN
MITOS CON
BONECOS

🕒 21:00h

📍 Campo arriba

👤 Todos os públicos



XOVES 15

El retablillo de Don Cristobal

Los claveles (Murcia)

Nas décadas de 1920 e 1930 era moi habitual en España vender fillas casadas a terratenentes con diñeiro. A trama de *El Retablillo de Don Cristóbal* fálanos da nai de doña Rosita que non ten escrúpulos á hora de casar a súa filla cun vello sucio e torpe don Cristóbal que bebe os ventos pola moza. Teatro Los Claveles tentou recuperar o sabor dos vellos títriteiros da estrada vestindo esta adaptación coa estética e intención daquela época e a levar a escena este clásico de monicreques escrito por Federico García Lorca.

🕒 22:30h

📍 Campo de Arriba

👤 Todos os públicos

ENCUNTO
POSFUNCIÓN
**OS BONECOS
DE LORCA**



VENRES 16

Dona Barriga Verde

Larraitz Producións Artísticas (Galiza)

Esta obra de títere de cachaporra integra elementos do Barriga Verde do noso país con préstamos doutras tradicións titiriteiras europeas. Os paisanos, o demo ou a morte atópanse en escena co crocodilo ou o bebé, habituais do Punch Inglés. E todo cunha gran particularidade: a de desafiar as convencións do xénero, xa que por vez primeira no noso país, Barriga Verde, a protagonista da obra, é unha muller. Espectáculo coproducido por Titiriberia en 2018.

🕒 12:00h

📍 Parque de Santa Lucía-Asados

👤 + 5 anos

ENCUNTO
POSFUNCIÓN
TRANSFORMAR
A HISTORIA



VENRES 16

O Xigante Barriga Verde Títeres Alakrán (Galiza)

A organización recunca na súa colaboración con Títeres Alakrán para ofertar unha nova montaxe deste xigante itinerante que representa o personaxe por excelencia do títere tradicional galego. Para alén de artellar un novo pasarrúas protagonizado por el, a amosar novas interaccións co público, tamén mudarán os números que se achegan no teatrño que a figura leva incorporado. Pezas breves de títeres de cachaporra axudarán a levar este personaxe e a arte dos títeres a novos públicos en lugares inéditos.

🕒 12:00h

📍 Paseo da Ribeira-Campo de Arriba (Itinerante)

👤 Todos os públicos



VENRES 16

Chafallas. A vendedora de fume

A cova das letras (Galiza)

Coprodución co Festival

Nunha homenaxe aos oficios errantes, A Cova das Letras presenta unha obra protagonizada por unha narradora que leva a súa casa ás costas. Reinterpretacións de cantigas tradicionais, títeres de luva e manipulación de obxectos atópanse nun espectáculo cheo de sorpresas que reivindica a forza das mulleres e da sabedoría de transmisión oral.

ESTREA

ENCANTRO
POSFUNCIÓN
XEITOS DE
ANIMAR
O FUME

VENRES 16 🕒 13:00h

SÁBADO 17 🕒 13:00h

📍 Campo de Arriba

👤 Público familiar



VENRES 16

Cuentos mágicos, Kamishibai Los claveles (Murcia)

O kamishibai é unha forma de espectáculo con orixe en Xapón que utiliza ilustracións para narrar unha historia nun teatriño de madeira. Cando esta caixa abre, crea un escenario que reúne a audiencia ao seu redor. Todo o mundo está atento porque o debuxo impreso na lámina que vemos ponnos en antecedentes, introdúcenos na escena: queremos escoitar o que vai pasar. É o milagre puro da comunicación e aí é onde reside a súa maxia.

🕒 18:30

📍 Praia de Tanxil

👤 Público familiar



VENRES 16

As Varietés do Barriga Verde

Produción propia do Festival

O espectáculo de varietés do Titiriberia pretende revivir, desde unha óptica actual, o espectáculo que a familia Silvent realizaba na súa barraca de xeito previo ao número dos monicreques. Para a montaxe cóntase con profesionais con ampla traxectoria en Galicia, ademais de novas compañías no campo dos títeres. Nomes como Ura Vázquez García, Títeres Alakrán, as propostas cómicas de Teatro Airiños, Trécola Producións e a música do cuarteto da Escola de Música de Rianxo intégranse nesta proposta que sae do Auditorio Municipal para dinamizar o Campo de Arriba de Rianxo con nocturnidade e alevosía.

🕒 22:00h

📍 Campo de Arriba

👤 Público adulto

ESTREA



SÁBADO 17

A vella do gaiteiro

Títeres Alakrán (Galiza)

Coprodución co Festival

Esta montaxe de Títeres Alakrán, especialmente pensada para pasarrúas, emprega unha figura tallada para crear a ilusión dunha señora a portar un gaiteiro nun cesto. A música que interpreta este acompáñase de diálogos cómicos e dramatizacións coa figura a xerar asombro e risos entre o público.

ESTREA

SÁBADO 17 🕒 12:30h

DOMINGO 18 🕒 12:30h

📍 Paseo da Ribeira-Campo de Arriba (itinerante)

👤 Todos os públicos



SÁBADO 17

Barriga Verde **Viravolta Titeres (Galiza)**

A mesturar a tradición do títere galego coa europea, a compañía recrea, logo dunha exhaustiva investigación, o espectáculo que a familia Silvent levaba de feira en feira durante a primeira metade do século XX. A montaxe presenta cinco situacións que Barriga Verde, na compañía da súa cachaporra, resolve dun xeito que incomoda o Demo, ao ver o seu inferno cheo de personaxes que non lle son gratos. Unha montaxe con tres manipuladores e unha escenografía chea de sorpresas.

ENCUNTO
POSFUNCIÓN
**RECREAR UN
CLÁSICO**

🕒 20:00h

📍 Centro Cultural Vicente Vidal de Leiro

👤 Todos os públicos



DOMINGO 18

Cuentos de la Andariega

Títeres desde abajo (Andalucía)

Ao compás das súas catro rodas cruza o tempo a Andariega. Cargados de contos e vivencias, Juan e Juana percorren alegres os camiños. En cada praza, en cada escola, representan as súas historias verdadeiras. Unha homenaxe ao oficio titiriteiro e a aqueles que seducidos polo ideal de liberdade e a vontade artística percorrían as aldeas cos seus carros e furgonetas.

ENCUNTO
POSFUNCIÓN
REPRESENTAR
A ITINERANCIA

🕒 13:00h

📍 Praia de Tanxil

👤 + 3 anos



EXPOSICIÓNS

Títeres históricos checos da colección de Marie e Pavel Jiráskovi

A recoñecida especialista en títeres checos Marie Jirásková achega, en colaboración co investigador Pavel Jirásek, unha selección da colección de títeres familiar. A colección da familia Jiráskovi inclúe marionetas, bosquexos, debuxos e fotografías históricas e representa unha das maiores coleccións privadas de marionetas do seu país, a República



SE CHOVE...
Consultar no web
titiriberia.com locais
alternativos

Checa. Hai unha gran variedade de técnicas e mecanismos na manipulación das marionetas. A mostra que se presentará en Rianxo céntrase nas «marionetas clásicas» e «marionetas con trucaxe» desde o século XIX, que implican mecanismos específicos e sorprendentes nos seus personaxes. A convulsa historia da República Checa supón unha amálgama diversa de tradicións que tamén converxen e enriquecen a arte das marionetas. Na mostra poderán verse, en contexto, os diferentes mecanismos especiais para trucos, cambios rápidos ou efectos específicos nun espectáculo de obxectos. A mostra complementarase con visitas guiadas por parte da familia Jiráskovi, con tradución consecutiva de Eufrasio Lucena Muñoz.

🕒 12 ao 18 de agosto

📍 VISITAS GUIADAS: 12 e 13 de agosto ás 19:30h

📍 Auditorio de Rianxo

👤 Todos os públicos

EXPOSICIÓN

Títeres nos Escaparates Concurso A procura de Lupe

Marionetas do mundo da colección Viravolta (Galiza)


Actividades desenvolvidas co apoio da Asociación Rianxeira de Empresarios

Nos escaparates de diferentes establecementos comerciais de Rianxo estará esta exposición que repasa as diferentes formas que adquiren as marionetas ao longo do noso planeta.

O teatro de marionetas espállase pola case totalidade de pobos do mundo. Todos eles, con maior ou menor presenza, teñen teatro de monicreques de seu, cos seus personaxes tradicionais e as súas formas específicas de representar. No mundo islámico profesionais desta arte dramática conseguen burlar con ela a expresa prohibición coránica de representar figuras humanas e animais. Un exemplo tanxible atopase en Turquía con Karaghoz, o teatro tradicional de sombras deste país.

A diversidade de personaxes leva aparelada unha inmensa variedade de modos de levar á escena as historias, desde os teatros tradicionais de Asia con espectáculos vinculados aos cultos relixiosos e agrarios até as marionetas case industrializadas do mundo occidental.

Esta exposición, que parte dos fondos que acumulou a histórica compañía Viravolta Títeres, amosa unha selección das formas que adquire esta arte e pon de relevo como, por baixo da variedade formal, mantense unha mesma pulsión por contar historias a través de obxectos.

 19 xullo ao 18 de Agosto

 Escaparates da vila

EXPOSICIÓNS

Onde foi Barriga Verde?

Exposicións da Asociación Morreu o Demo (Galiza)

Unha reflexión xeral sobre o personaxe e o seu esquecemento. A historia dos Silvent, a importancia das feiras, o patrimonio inmaterial ou a tradición dos títeres europeos.

🕒 12 ao 18 de agosto

📍 Auditorio de Rianxo

A arte dos Silvent

Exposicións da Asociación Morreu o Demo (Galiza)

Quen foi a familia que levou a Barriga Verde polas feiras de Galiza? De onde viñan, e como gañaban a vida?

Nesta exposición déitase algo de luz sobre as persoas que estiveron detrás do derradeiro expoñente do teatro popular de títeres no noso país, tentando así render homenaxe ao oficio das persoas titiriteiras e artistas ambulantes

🕒 12 ao 18 de agosto

📍 Auditorio de Rianxo

EXPOSICIÓN

A gran familia do títere europeo

Exposicións da Asociación Morreu o Demo (Galiza)

Exposición en paneis sobre a xenealoxía de Barriga Verde e os títeres europeos. Pulchinella, Punch, Guignol, Kasper; todos os representantes internacionais desta familia preséntanse nunha serie de paneis contextualizándoos e explicando a súa evolución e diferenzas.

🕒 12 ao 18 de agosto

📍 Auditorio de Rianxo

Dar vida coa imaxe

Fotografía de títeres por Manuel Silva

Manuel Silva *Bisgue* (Galiza)

O festival pon en valor o traballo de Manuel Silva *Bisgue*, fotógrafo local que colabora co evento desde 2022 a rexistrar as diferentes actividades de cada ano. Agora, compílase unha selección deste traballo a amosar o xeito no que a fotografía consegue outorgarlles vida e dramatismo a figuras estáticas como son os títeres.

🕒 12 ao 18 de agosto

📍 Campo de arriba

FORMACIÓN DE PÚBLICOS

Encontros posfunción

Con vistas a dar a coñecer entre o público as peculiaridades da artes dos títeres, o festival desenvolve unha serie de actividades de formación de públicos. Ao remate da función o público poderá conversar co equipo de varias das compañías participantes sobre distintos temas, como a actualización, tamén en clave de xénero, dos contidos e das formas dos espectáculos tradicionais; sobre a vida titiriteira, os procesos de creación e a continua aprendizaxe en cada unha das producións, entre outros temas...

 [Consultar programa](#)

O espectador cómplice

Toni Rumbau (Cataluña)

O director da revista *Titeresante*, crítico e investigador dos títeres a nivel internacional realizará apuntamentos críticos de todos os espectáculos, elaborará as crónicas para a revista *Titeresante* e conversará coas compañías participantes que o desexen a comentar puntos fortes e febles de cada espectáculo ou posibles opcións creativas. Ademais, participará dos encontros entre artistas e público a dinamizalos e achegar as súas propias perspectivas e coñecementos sobre o sector.

 [Consultar programa](#)

ESCOLA DE TÍTERES BARRIGA VERDE

Curso de manipulación de títeres históricos da Rep. Checa e de construción de teatros de papel

Marie Jirásková e Pavel Jirásek (especialistas convidados desde a Rep. Checa)

Tradución consecutiva por Eufrasio Lucena Muñoz

Marie Jirásková é unha recoñecida escenógrafa, coleccionista e experta en títeres históricos checos. Neste obradoiro de creación artística levaranos á tradición checa do teatro familiar, pensada fundamentalmente como xogo doméstico para a cativada. Este entretemento infantil desenvólvese dentro dos chamados teatros de papel, nos que desempeñaban un rol esencial as escenografías e os monicreques, tanto os creados por mestres artesáns coma polo propio entorno familiar. Durante as sesións, as persoas participantes coñecerán técnicas de papel para crear un teatriño propio, familiarizaranse con diferentes pautas da tecnoloxía do movemento e contarán coa oportunidade inigualable para practicar a manipulación de títeres históricos con enxeñosos

trucaxes pertencentes á colección familiar dos Jiráskovi. Os contidos do curso serán personalizados e adaptados tanto para público sen coñecementos previos como para persoas con nocións sobre o manexo de títeres e mesmo para profesionais. A complementar os contidos do curso, as persoas participantes poderán gozar dunha visita guiada á exposición, unha proxección audiovisual comentada por parte da familia Jiráskovi con fragmentos da presenza de títeres checos ao longo da historia do país, a estética e técnica de manipulación centroeuropea, en versión orixinal, ao remate da actividade a investigadora Marie Jirásková presentará os catro libros que realizou sobre a colección familiar de títeres históricos.

 **13 e 14 de agosto de 10:00 a 14:00h**

 **Auditorio de Rianxo**

 **+ 16 anos**

PREZO: 50€ sen aloxamento / 25% de desconto ao voluntariado do festival / Becas UNIMA secretaria@unima.es / INSCRIPCIÓN: info@barrigaverde.eu

Obradoiros de creación e manipulación de títeres

Obradoiros de creación e manipulación de títeres integrados nas actividades do Campamento de Verán do Concello de Rianxo. As crianzas participantes aprenderán a elaborar un títere de papel a partir de materiais de refugallo e adquirirán técnicas básicas de manipulación desta forma de marioneta.

Falaremos tamén de igualdade e dos roles de xénero no tempo de configurar, nomear e crear personaxes. As pequenas dramatizacións creadas no obradoiro serán representadas cos monicreques pola propia cativada.

VOLUNTARIADO

Titiriberia quere ser un proxecto do conxunto da sociedade de Rianxo. Deste xeito, a organización desenvolve colaboracións con entidades como a Asociación Rianxeira de Empresarios, o Grupo de Teatro Airiños, a Escola de Música ou propostas creativas locais como Vai de Roda ou Pedras de Papel, entre outras.

O festival conta cunha rede de voluntariado aberta a todas as persoas interesadas en participar. As persoas voluntarias contribúen na xestión do evento a desenvolver diferentes tarefas.

Os equipos de voluntariado recibirán formación específica sobre a xestión de públicos e a organización de eventos culturais para desenvolver estas tarefas. Ademais recibirán entradas e descontos para participar nas actividades do evento, camisetas e outro material.

As persoas interesadas poden contactar coa organización no correo info@barrigaverde.eu

🕒 12, 14 e 16 de agosto de 11:00h a 12:30h

📍 Campamentos de Verán

SUSTENTABILIDADE

Accesibilidade

As funcións contarán con espazos reservados para persoas con diversidade funcional ou mobilidade reducida e aseos nas proximidades. Prégase comunicación previa á organización de necesidades específicas para optimizar a asistencia.

Residuos e transporte

Haberá colectores selectivos para lixo. Animamos ao público á responsabilidade na xeración de residuos e a empregar no posible recipientes reutilizables. Recoméndase ao público o emprego de medios de transporte non contaminantes para acudir aos espectáculos. Pasear por Rianxo é tamén un xeito de disfrutar do festival. Existen aparcadoiros vixiados para bicicletas e outros dispositivos de mobilidade (encadeadas por parte das persoas usuarias).

Idades

O programa especifica as idades recomendadas, para cada unha das obras que se representan. Algunhas das funcións poden tratar temas de violencia, conflito social, sexualidade e outras cuestións. Fica

á discreción das persoas adultas responsables a xestión da asistencia ás mesmas de menores.

Prezo

O acceso ás funcións gratuítas será libre e as localidades ocuparanse por orde de chegada. As entradas para as funcións de pago terán un prezo de 5 euros. Poderán adquirirse de xeito previo á función na mesa con merchandising do Festival. No mesmo día da función poden adquirirse no Auditorio.

Entradas sociais

As funcións de pago do festival contan cunha serie de entradas sociais que se poden solicitar a Servizos Sociais do Concello.

Punto lila e arco da vella

O festival conta cun punto lila e un punto arco da vella para informar de calquera situación de discriminación por xénero, orientación sexual ou calquera outro suposto. Se detectas calquera situación deste tipo dirixete ao persoal da organización.

Carné Xove

Todas as persoas usuarias do Carné Xove disporán dun desconto do 15% no prezo de todas as entradas.





PROGRAMA